

FARO DA CULTURA

nº 200 • Xoves, 22 de marzo de 2007

Coordina: Xosé Ramón Pena



FARO DA CULTURA chega ao número 200 da súa traxectoria. Duascentas semanas van, daquela, desde a primeira aparición destas páxinas, o xoves 9 de maio do ano 2002.

Diciamos naquela oportunidade inicial que constituía a nosa vontade servir, na medida das posibilidades, como “unha fiestra aberta para o que xorde desde dentro e para o que nos vén visitar desde o exterior”. É claro que non podemos ser xuíz e parte; porén, si coidamos que, ao longo da súa xeira, FARO DA CULTURA sempre se mantivo fiel a tal alento: atención primordial cara ao que se constrúe no país pero, asemade, atentos a calquera acontecer que, chegado desde outras latitudes, poida formar parte do patrimonio común que compartimos. Velá, pois, o afán -hoxe reiterado- deste suplemento cultural: Memoria do que levamos tentado aportar e futuro daquilo no que seguimos a fiar.

Memoria e futuro dunha xeira

 XOSÉ RAMÓN PENA

Nacimos sen prexuízos e así que-remos continuar: respectando plenamente outras perspectivas, sen excluír a ninguén. Mais consideramos tamén que a cultura escrita en lingua galega cómpre de moitas máis plataformas para atinxir a plena vida normal. De aí que oxalá teñamos ben axiña máis compañeiros de aventura. E oxalá aínda que aqueles cos que agora mesmo xa contamos -sexan diferentes ou non os criterios adoptados- teñan unha longa e fructífera traxectoria.

Nin que dicir ten, agradecemos profundamente as críticas recibidas, para alén de que acaso nos situemos á marxe dalgunha delas. Non obstante, cómpre dicir, e escribir xa, aquí e agora que nos sentimos realmente acollidos e queridos por todos Vdes., e iso é moito máis do que poideramos degarar sequera cando principiamos o camiño. De certo, o mellor premio para FARO DA CULTURA está conformado sempre por todos aqueles que nos seguen semana tras semana: desde Vigo e a súa área de influencia, desde logo, pero tamén ao longo de toda Galiza. Saiban, daquela, que mentres este decaño que nos dá agarimosa cobertura nos siga a prestar o seu magnífico nome e mentres os lectores así o decidan, a nosa vontade está en acudir fielmente á nosa cita. Que todos Vdes. así o vexan!



200

Van xa 200 números de FARO DA CULTURA, e outros tantos xoves, durante os cales estas páxinas centrais do xornal levan reflectido máis de dous millares de recensións de libros galegos. Un feito que converte o suplemento nun referente na información literaria do país e nunha sorte de “registro, de valioso patrimonio documental, do acontecer editorial e literario en Galiza”, segundo manifesta Miguel Anxo Fernán-Vello, director da editorial Espiral Maior.

O aniversario do suplemento vén reforzar a nova andaina da información cultural que se está a desenvolver no país

NATALIA ÁLVAREZ

Tamén Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, ten palabras de louvanza para a traxectoria do FARO DA CULTURA. “É unha *rara avis* á que temos que estar agraecidos todos os editores, pola súa persistencia en proporcionar un suplemento en lingua galega onde o libro galego teña tanta presenza”, afirma.

Neste sentido, a atención que se lle dedica á crítica literaria é valorada -pola nómina dos autores da mesma e tamén pola continuidade dos mesmos- de parte de Carlos Lema, director de edicións da Editorial Galaxia. “Para editores e autores é moi importante contar todas as semanas cun espazo no que aparezan críticas literarias”, comenta Lema, quen significa que o labor de colaboradores como Ramón Nicolás, Laura Caveiro ou Marga Romero supón unha valiosa ferramenta. “O lector coñece estas voces que se manteñen no tempo e, polo tanto, vai saber ler as súas críticas e tomalas como unha verdadeira guía de lectura”.

Porén, Lema bota en falta unha certa xerarquización do tratamento que se lle dá a cada recensión. “Coído que non se lle debería dar o mesmo espazo a todos os libros xa que hai obras que merecen unha crítica un pouco máis pormenorizada, e outras quizais menos”. Da súa parte, Moisés Barcia, tradutor e director de Rinoceronte Editora, fai fincapé nunha eiva que, iso entende, se espalla aínda ao longo de toda a información cultural que se está a realizar actualmente en Galicia: trátase da ausencia de críticas negativas. “Sería bo que se vise aos críticos non como inimigos, senón como todo o contrario, xa que ocultando defectos non se lle fai ningún favor



ELI REGUEIRA

ao sistema, aos libros e mais aos lectores”, manifesta Barcia, ao tempo que lles pide máis audacia aos críticos, e tamén aos responsables dos medios á hora de acoller as recensións que se publican.

Máis que libros

Pero nun suplemento que quere facer gala desa cultura que lle dá nome, non todo vai ser literatura; o teatro, a música, a creación artística e as vangardas nacionais e internacionais ocupan arreo un lugar no FARO DA CULTURA. Ese era, e é, o obxectivo do seu coordinador, Xosé Ramón Pena, cando se fixo cargo de tan satisfactoria tarefa. “Quería que o suplemento dera noticia de calquera tipo de manifestación cultural que se fixera en Galicia”, explica.

Porén, sempre queda algo por facer. “En calquera suplemento”, apunta Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego, “sempre boto a faltar máis información sobre temas escénicos e artísticos”. Unha efeméride como a que estamos a celebrar é unha boa ocasión para botar a vista cara adiante e considerar propostas tan valiosas como a de Iñaki Martínez Antelo, director do MARCO, quen suxire a publicación de monográficos arredor de temáticas que puxesen de manifesto “a cada vez maior relación entre as disciplinas e ámbitos de traballo artístico”.

Pola súa banda, Manuel Oliveira, director do CGAC, sinala a presen-

“Un valioso rexistro do acontecer cultural de Galiza”

O vicepresidente do Consello da Cultura Galega, Xosé López, publicaba en 2001 o informe A cultura galega no xornalismo escrito, no que se poñían de manifesto as eivas existentes nos medios de comunicación do país, entre elas a homoxeneización dos temas ou o déficit de información cultural. Seis anos depois, os axentes culturais galegos perciben un cambio na situación. Algo orixinado, segundo Xosé López, “por unha estrateixa de diversificación por parte dos medios”. Santiago Jaureguizar, escritor, xornalista e blogueiro (cabaret voltaire.canalblog.com) observa tamén unha maior preocupación polos produtos culturais galegos,

aínda que a considera insuficiente: “Habería que dar un segundo paso, que sería transmitir de xeito máis atractivo toda a potencia cultural que ten o país”. Nese camiño traballan novos xornais, novos programas e tamén

Aberto, describe este espazo como un terreo intermediario entre autores e lectores e que posibilita unha achega do público cara ás novidades literarias, “que normalmente seguen un curso case clandestino”.

Francisco Novo, de Miraxes, aposta, da súa parte, pola visibilidade da nova xeración de creadores, á que contempla como “moi metida nas novas tecnoloxías e que lle está dando unha gran vitalidade á cultura galega”. Unha nova xeración que ten o seu reflexo na rede, grazas á multiplicación de blogs que lle están a ofrecer ao público “a opción de escoller contidos con liberdade, entre moitas posibilidades de información”, subliña Alfredo Ferreiro.

A cultura deixa a periferia

novos medios. Deste xeito, no tocante ao eido audiovisual, programas como Miraxes ou Libro Aberto supoñen un avance respecto á política anterior levada a cabo pola televisión pública. Luis Rei Núñez, director, precisamente, de Libro

REPORTAXE

200

VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

za dunha maior visibilidade das voces novas e unha maior atención “cara a aspectos minoritarios que pode que sexan cuantitativamente pouco recensionables, pero que si son importantes cualitativamente”.

Á sinalada presenza desas novas voces e manifestacións artísticas, Vítor Belho, director de Nordesia, engade tamén un maior recoñecemento do traballo daqueles profesionais que non son creadores, pero que tamén forman parte da chamada industria cultural. “Para que o país madure”, comenta Belho, “é fundamental que se faga visible toda a cadea de produción. O creador é importante, pero tamén o é significar o traballo de todos aqueles que fan posible todo este proceso”. O director de Nordesia tamén propón un seguimento máis exhaustivo da nosa música alén das nosas fronteiras. “Coido que a produción musical é a punta de lanza do sistema cultural galego, son produtos cunha maior posibilidade de penetración social, polo que hai que apostar por recoller o que ofrece este nutrido espectro de creación”.

Na busca de propostas que axuden a mellorar o suplemento, Alfredo Ferreiro, creador do blog de crítica literaria *O levantador de minas* (olevantadorde Minas.blogspot.com) incide na introdución da cor. “Todo produto funciona primeiro ante os ollos, como os pratos dos grandes cocineiros. Porén, non sendo unha mudanza enorme, unha man de pintura faría do suplemento algo máis visual”.

Sobre a forma, neste caso a estilística, tivo algo que dicir Xosé Ramón Pena ao inicio da andaina do suplemento, cando lle insistiu aos colaboradores que intentaran deixar a un lado o ton academicista. “É un suplemento dun xornal, non dunha revista científica. Polo tanto procuramos chegar ao lector de xornais, un lector medio-culto que busca información de calidade”, explica Pena. Algo no que insisten profesionais como Francisco Rodríguez Pastoriza, xornalista na TVE e profesor da Universidade Complutense de Madrid, para quen os colaboradores, “xente que sabe moito, que son especialistas”, han de achegar sempre a súa mensaxe aos lectores dunha forma “que non sexa elitista”.

Entre os obxectivos do FARO DA CULTURA tamén está atender todas aquelas manifestacións artísticas dignas de interese, independentemente da súa procedencia. “Formamos parte do mundo, polo que non nos restrinximos á actividade galega, aínda que esta sexa a nosa prioridade”, manifesta Xosé Ramón Pena.

A cuestión da lingua

Xa sexan produtos culturais xurdidos no propio país ou ben procedentes de alén das nosas fronteiras, a lingua de transmisión é sempre o ga-



Carlos Lema
EDITORIAL GALAXIA

“Coido moi positiva a atención que se lle dedica á crítica literaria”



Cristina Domínguez
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

“É necesario para manter informados a lectores dunha área xeográfica moi activa”



Iñaki Martínez Antelo
MARCO

“O suplemento evoluiu cara a unha visión máis ampla do acontecer cultural”



Xosé Luis Méndez Ferrín
ESCRITOR

“É un gran traballo que, con toda seguridade, vai pasar á historia”



Manuel Bragado
EDICIONS XERAIS

“Trátase dunha rara avis á que lle temos que estar agradecidos os editores galegos”



Manuel Oliveira
CGAC

“Cómpre agradecer unha proposta na que tratar temas culturais en profundidade”



Miguel Anxo Fernán Vello
ESPIRAL MAIOR

“Un valioso patrimonio, unha bitácora do acontecer literario en Galicia”



Moisés Barcia
RINOCERONTE EDITORA

“Leva todo este tempo sendo unha referencia no eido da crítica literaria”



Vítor Belho
NORDESIA

“Resulta meritória a aposta por facer visible a produción cultural do país”

lego, o que fai de FARO DA CULTURA o único suplemento cultural que emprega exclusivamente o noso idioma. “Non se trata de entrar en polémicas, porque non somos fundamentalistas e respectamos todas as opcións”, apunta Pena, “pero dende o primeiro momento consideramos que nós tiñamos que facer un cultural monolingüe”.

Neste sentido, Alfredo Ferreiro fala dunha actitude, dunha “coherencia que non todos son capaces de manter”. Rodríguez Pastoriza louva mentres o labor que o suplemento está a facer “pola recuperación do idioma”.

Di Xosé Luis Méndez Ferrín que FARO DA CULTURA “vai pasar á historia”. Quizais non sexa para tanto, pero o que si esperamos os que traballamos nel é poder contribuir co noso esforzo, a través de artigos, entrevistas, críticas... a iso que se chama a normalización cultural, sen caermos en teimas absurdas como, por exemplo, o feito de subdividir a oferta literaria en ficción, non ficción e galego. “Debe ser un xénero aparte”, ironiza Moisés Barcia. “É unha cousa totalmente pedante á que non lle vexo ningún sentido”.

FARO DA CULTURA tamén quixo, ao longo destes 200 números, axudar á visibilidade das manifestacións artísticas galegas e dos seus creadores. A falta de proxección destes nos medios de comunicación de Galicia é unha eiva que coinciden en sinalar persoeiros e axentes culturais galegos. Méndez Ferrín fala dunha información cultural “absolutamente colonial e provinciana, unha especie de sombras platónicas no fondo da caverna, copia daquilo que se fai en Madrid”.

Tamén Fernán Vello considera que os creadores galegos viven, respecto aos medios de comunicación, “nunha periferia”, ao tempo que Manuel Bragado recorda tempos mellores: “Coido que moitas veces non se valora con toda a equidade o que sucede, o que leva a considerar as manifestacións culturais galegas como algo de segunda división”.

Neste sentido, Iñaki Martínez Antelo pon un exemplo recente: unha exposición que o MARCO inaugurou o ano pasado coa presenza de máis de dúas mil persoas e mais a organización dun concerto na rúa. “A mostra foi máis ou menos recensionada nos medios galegos”, sinala Martínez Antelo, “pero cando foi inaugurada uns meses despois en Las Palmas e Vitoria, chegou á portada de todos os xornais desas dúas cidades”.

O director do MARCO avoga por unha maior profesionalización, “non só dos xornalistas senón de todos os axentes relacionados coa arte ou a xestión cultural”. Neste sentido, quizais tamén pequemos os xornalistas de certa preguiza. “No xornalismo cultural o erro máis importante é deixarse levar pola industria cultural, polas promocións dos produtos, e non pola actividade cultural que realmente é enriquecedora e de servizo público”.

200

Identidades

Máis sobre a orientación normativa

✿ JOSÉ FEIXÓ



co-
ñe-
men-
to
do portu-
gués como
recurso para o
acrecentamento le-

xical, permi-
ten o asenta-
mento dun
modelo de lin-
gua máis autó-
ntico e, por iso,
máis 'reintegra-
do'.

Con todo, se co-
llemos dúas pá-
xinas ao azar, p.
e. a 212 e 213, po-
deremos atopar
léxico non nor-
mativo, como
avanzo (por
"avance"), *suceso*
(por "éxito" ou
"fortuna"), *acredi-
taba* (por "cra"),
redixidos (por "re-
dactados"), ou usos
incorrectos, como *en
grande parte* (por "en gran
parte"), ou mesmo a escolla
de palabras que a RAG cha-

ma *toleradas* (como *gosto*,
por "gusto"), pero que non
recomenda, e que son atu-
radas só elas, pero nada
máis (p. e., atúrase *agua* pe-
ro non **aguardente*, **agua-
ceiro*, **aguamar*, **para-
guas...*), co que, claramente,
son máis discriminadas de
facto. O que non sabemos é
se se trata de erros involun-
tarios de Freixeiro ou dunha
súa estratexia para ir facen-
do, como quen non quere a
cousa, camiño de reintegra-
ción. Sexa como for, non
parece nin desculpable o
primeiro nin recomendable
o segundo. O que si resulta
máis honrado é propoñer,
como fai Rodríguez Alonso,
abrir o debate "sobre o gale-
go que queremos para o no-
so ensino, se o castelanizan-
te dos dicionarios da RAG
ou máis afastado do castelán
e próximo ao portugués,
como propón Freixeiro". E
por iso posiblemente sexa o
capítulo da normativización
o mellor, por poder ser o
punto de partida dese deba-
te. Os demais, para os ini-
ciados, son totalmente pres-
cindibles. Para o resto, outro
punto de partida.

FREIXEIRO MATO, Xosé
Ramón, *Lingua, nación e
identidade*, Ed. Laivento,
Santiago, 2006, 255 páxinas.

Ollos de bruma

Nas vertixes do cosmos

✿ ROMÁN RAÑA

Xavier Lama (Guntín, Lugo, 1962) é autor de *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, obra gañadora do XXVI Premio Esquí de poesía. Este fermoso e suxerente título dá as claves para ir entendendo o seu contido: os tigres representan a pulsión animal, a paixón, remiten a Borges que vía na súa pel o binomio que compón o universo (e a Yeats que o usou para outorgar exotismo a algunha das súas composicións); mentres que Fausto representa o afán xermánico de coñecer e dominar o cosmos, de perdurar alén da morte nesa ansia de inmortalidade que leva á condenación, como Ícaro cando queimou as súas asas de cera por querer ascender á altura do sol e acabou esnafrándose contra a dura realidade da terra, a súa morte.

Xavier Lama xoga con todas estas referencias culturais nos seus primeiros poemas, os máis logrados do conxunto. É aquí onde aparece o mencionado Ícaro e un Goethe crepuscular que se identifica con Nabokov e que culmina con versos de estarecedora melancolía:

"¿Non sabes que o corazón é un caramelo licuado/que sorbe ela, dolores-lola-lolita,/como o tempo sorbe os pasos xa apodrecidos/de toda unha vida?", onde un home xa maduro, nas proximidades da ancianidade, descobre e sente que a vida se lle escapa mentres o desexo o calcina nunha vella reencarnación de Eros e Tánatos vertixinosamente próximos.

Seguindo este ronsel temos "L'idiote de la famille (ou epifanía do fracaso)", o máis álxido poema do libro: "Déixame ser o fracasado,/o que foxe do banquete como foxen os cervos dos lobos". O eu lírico desexa un corazón en liberdade, mergullado nas profundidades do desexo e ebrio de loucura e desatino. Despois o poeta congrega no seu peito paradoxais pasividades, rumia entardeceres de pintores (Hopper e Vermeer como telón de fondo) con imaxes que aspiran a fundirse en atmosferas transcendentales. Curiosamente, moitos nomes aparecen incorrectamente escritos (vontade de ironía ou simples grallas?): Hölderling/Holderling, por Hölderlin; Heiddeder, por Heidegger; Shopenhauer, por Schopenhauer; etc. A cuarta parte do poemario, "Facedores de luz e tempo", acaba sendo unha combinación rotatoria dos elementos antes prodigados nas outras seccións.

LAMA, Xavier, *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, Caixa Galicia, Ferrol, 2007, 79 páxinas.



De aceiro e de mel

Capacidades intertextuais

✿ DORINDA CASTRO SOLIÑO

Dixo o poeta algunha vez que Lugo era "de aceiro e de mel". Non podemos deixar de lembrar aquí estes versos ao falarmos de unha novela que nos transporta á fasquía máis dura e aceda da cidade pero que está escrita cun profundo coñecemento dos seus recunchos e da súa vida interior.

Referímonos a *Chuvia mansa*, da autoría de Xoán Ramón Díaz, "Monón", lucense de nacemento e narrador infatigable tanto no ámbito oral coma no escrito, e publicada pola editorial Tris Tram.

É esta unha segunda novela dunha serie que comezara con *A xeada negra*, que fora publicada no ano 2002. Volveamos reencontrarnos felizmente en *Chuvia Mansa* cos seus dous protagonistas principais: Manolo Meiriño detective do que pouco sabemos da súa biografía máis que traballa por

encargo do avogado Mexuto, que recibiu clases



de piano na infancia mentres a súa profesora, a exhuberante señora Angustias, o iniciaba nas artes do sexo ou que tivo historia amorosa con Mercediñas, agora de nome noctámbulo Kity nun club de alterne ao que Meiriño acode aínda por fidelidade.

Ao seu carón, o seu fiel amigo, cómplice e colaborador, Gaiarre, personaxe esmolante ás portas da catedral, un baldreu cun extraño sentido común que fai ver a Meiriño o outro lado da realidade.

Os dous personaxes encargados de resolver un caso que se vai enleando e no que saen a relucir corrupcións urbanísticas, narcotraficantes, a memoria da Guerra... deambulan pola cidade lucense e canda eles visitamos os chigres onde se dan cita personaxes da noite, seres derrotados, perdedores que

filosofan sobre a vida e a sorte de cadaquén mentres a chuvia mansa, a babuxa, barbaña, babuña, penetra nos osos e na alma. Son seres, que mesmo ás veces recordan ao esperpento como ese "Pesador de almas" que venta a morte das persoas. Como *A Esmorga* de Blanco Amor é a novela de Ourense, esta serie de Xoán Ramón Díaz son as novelas de Lugo.

Cunha descrición ambiental axustada, un estilo elaborado, unha linguaxe ben traballada, engarzada no acervo da fala viva, un mundo ricaz de expresións e frases feitas, o humor irónico, acedo, a violencia o lirismo, a denuncia social implícita, a intertextualidade (música, cine, literatura...) e unha interpretación moi persoal da novela negra, Xoán Ramón Díaz consegue tecer unhas novelas de lectura moi recomendables porque a parte de cuestións puramente formais, está ao lado dos perdedores e perdedoras da historia e da vida.

DÍAZ, Xoán Ramón, *Chuvia mansa*, Ed. Tris Tram, Lugo, 2006, 174 páxinas

14 de Abril

Republicanos de nós

ALFREDO IGLESIAS

Nos últimos anos, ao abeiro do interese suscitado polo 75º aniversario da proclamación da II República, foron varias as achegas publicadas sobre o noso máis recente pasado republicano, un pasado republicano que, non obstante, non se deberiamos limitar ao do período comprendido entre 1931 e 1936; precisamente para cubrir esa lagoa, o Ateneo Republicano de Galiza vén de

tra aos primeiros republicanos galegos integrados nas ringleiras do liberalismo progresista, primeiro, e do partido democrata, despois, nos difíciles tempos de Fernando VII e Isabel II, e que se manifestaron con forza no Sexenio Revolucionario, momento no que se proclamou a Iª República, da que as figuras máis senlleiras foron Eduardo Chao ou José Sánchez Villamarín. Un republicanismo,

taría integrado na Izquierda Republicana de Azaña, liderada por Santiago Casares Quiroga, e outra situada á dereita, representada polo Partido Radical de Lerroux, liderado en Galicia por Emiliano Iglesias.

Así mesmo, esta longa andaina transitada polos republicanos galegos dende os tempos das Cortes de Cádiz ate os tempos da república franquista, analizada neste libro polos historiadores Emilio Grandío Seoane, Prudencio Vivero Mogo, Jorge Cagiao Conde, Ramón Veiga Alonso e Luís Giadás Álvarez, mostra os vínculos que existiron entre o republicanismo e o galeguismo, tanto o provincialista dos primeiros tempos como o rexionalista, federalista ou nacionalista de momentos posteriores. Velaí están, como proba desa vinculación, a celebración do Banquete de Conxo no ano 1856, a presenza de Curros, Pondal ou Vilar Ponte en asociacións no que os republicanos tiñan unha especial relevancia ou a sinatura do Pacto de Lestrove entre forzas galeguistas e republicanas o 26 de marzo de 1930.

Así mesmo, alén desta revisión da historia do republicanismo galego, esta obra tamén se preocupa por analizar as vinculacións do republicanismo con outros movementos ou grupos sociais; neste sentido, Eliseo Fernández analiza a relación do republicanismo co movemento obreiro e Carlos Pereira Martínez estuda o papel da muller no republicanismo galego, aínda que centra a súa atención na participación da muller na vida política durante os anos da IIª República.

Ademais, alén deses aspectos que atravesan a historia do republicanismo dende as súas orixes, Antón Costa Rico estuda o papel da escola e da educación durante a IIª República, mostrando a importancia que para os republicanos tivo sempre a conquista da fraternidade e do pan por medio da instrución; María Carmen Pérez Pais, analiza a evolución da prensa galega durante a II República e María Luisa Julia Pazos Pazos reflexiona sobre o exilio dos republicanos galegos en México.

VV. AA. *República e republicanos en Galicia* (ed. Emilio Grandío Seoane), Ateneo Republicano, A Coruña, 2006, 316 páxinas.

Franquismo e Labregos

Imaxes da Galicia campesiña

RAMÓN NICOLÁS

Anxo Collarte, viticultor e mais profesor de ensino secundario, tras unha longa experiencia como investigador nos ámbitos da historia agraria e social de Galicia ao longo da ditadura franquista, da que deixou boas mostras en diversos relatorios defendidos en congresos ou en ensaios espallados en revistas científicas como *Murguía*, *Revista Galega de Historia* ou *Tempo Exterior*, ofrece arestora un estudo, que ve a luz na editora ourensá Difusora das Letras, Artes e Ideas, baixo o título de *Labregos no franquismo*, no que constrúe unha análise, ao meu xuízo extraordinariamente interesante, verbo do universo agrario galego de boa parte do século XX, sempre dominado por unha perspectiva histórica e científica e baseándose tanto no acceso a fontes documentais e informativas que arrecadou de diversas institucións locais do réxime, sobre todo daquelas denominadas "Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos", coma nas testemuñas de filiación oral de campesiños que viviron estas experiencias en carne propia, alén de manexar, xaora, un caudaloso traballo hemerográfico e bibliográfico.

Collarte parte do particular e chega ao xeral, isto é, céntrase no estudo das "Hermandades" de Ourense que, como en todos os lugares, asumen competencias moi amplas en políticas de corte social e no ámbito produtivo, para perfilar a xestión que a ditadura realizou da Galicia campesiña, ao tempo que xa desena acontecementos posteriores como son a despoboación do agro e a súa incompreensión por unha sociedade xa máis abeirada a usos urbanos.

Prologado por Luís Domínguez Castro, este *Labregos no franquismo* pretende ofrecer outra visión, segundo o autor "máis rural que simplemente agraria", arredor da evolución produtiva e sociopolítica da Galicia campesiña, como se dixo, nos anos que van de 1939 a 1975. Velaquí, así pois, unha revisión arredor dun tema pouco tratado científica e analiticamente —non hai máis que reparar no baleiro bibliográfico que existe ao respecto—, e que articula a través de catro

bloques temáticos como son "As hermandades sindicais" de Ourense no franquismo, "O sindicalismo franquista e a economía agraria", "A sociedade rural na 'longa noite de pedra'" e, finalmente, "As pegadas do franquismo. Transición e democracia".

Ao longo destes capítulos tanto o lector profano nestes asuntos como asemade aquel que estea interesado en internarse por vez primeira nestas cues-

t i ó n s ,

arredor da vinculación entre os burócratas e falanxistas locais e as xentes do agro, perseguindo quebrar a idea tópica que xeneralizaba a submisión do mundo do campesiñado galego ao novo poder que se impuxera no ano 1936. Finalmente, tampouco están exentas de interese as revelacións que Collarte ofrece, por exemplo, verbo da figura de Euloxio Gómez Franqueira, da creación da Caja Rural Provincial ou da propia empresa Coren.

Un ensaio, ao meu xuízo, moi destacable e que non debería pasar desapercibido entre



editar o libro *República e republicanos galegos*, a cargo do profesor Emilio Grandío Seoane.

Neste sentido, a obra cobre un baleiro historiográfico que hai tempo que reclamaba ser enchido: o da historia do republicanismo na Galiza. Unha historia que mos-



achegarase á exposición contrastada e rigorosa de cuestións que van, por exemplo, desde a necesaria análise da situación previa ao ano trinta e seis no universo económico e social dos labregos galegos até o esclarecemento da dimensión, tanto sociolóxica coma histórica, que supuxo o período de fame da posguerra; desde o esmiuzamento do proceso de industrialización baseado na construción de encoros até a formación de cooperativas ou a realidade da emigración; por non falar das atinadas reflexións que deita


aqueles que afondan, desde unha perspectiva histórica, nunha dimensión tan relevante como aínda pouco afondada que é a nosa historia agraria recente.

COLLARTE, Anxo, *Labregos no franquismo. Economía e sociedade rural na Galiza interior. As "hermandades sindicais" en Ourense (1943-1978)*, Difusora, Ourense, 2006, 200 páxinas

200

Especialmente atractiva é a mostra que até o 29 de abril ofrece o Auditorio de Galicia, en Santiago, *Luís Seoane. Da Costa de Circe á Costa da Morte*, un conxunto excepcional de pinturas que permiten repasar a práctica totalidade da evolución da obra do gran creador desde a década dos corenta deica o seu falecemento en 1979.

Cómpre salientar, en primeiro lugar, a gran calidade das obras expostas, pertencentes todas á colección Alcalde Varela, que son resalta-



la, convértense en emblemas de Galiza, cunha intensa natureza plástica, que desde a modernidade suxiren o valor simbólico da pintura e escultura medievais. Seoane consegue nestas figuras depurar a linguaxe até convertelas nun novo universo propio, que dalgúns xeito resume a memoria gráfica do noso país.

As naturezas mortas e as paisaxes, dous xéneros fundamentais na configuración do seu estilo, locen tamén en todo o seu esplendor nesta colección. Son xéneros e obras



FOTOS: ELI REGUEIRA

das por unha intimista e atractiva montaxe na que a comisaria Rosa Espiñeira Pan consegue un ambiente óptimo para a contemplación dos óleos.

Comeza a mostra cun lenzo de grandes dimensións, *A costa de Circe* (1948), que xunto con outros óleos de finais dos corenta e comezos do cincuenta amosa as iniciais influencias picassianas en Seoane. A montaxe cronolóxica permítenos observar como o pintor acaba por singularizar o seu estilo co uso de cores planas, simplificadas ao longo das décadas dos cincuenta e sesenta.

A paisaxe, a natureza morta e a figura humana constitúen a base figurativa da pintura de Seoane, alicerces para unha construción dun intenso rigor formal, na procura dunha linguaxe singular con estes na tradición plástica galega e na experiencia das vangardas históricas. Mais para Seoane a arte é sempre unha maneira estar nun tempo e nun lugar, é o seu xeito de vivir e comprender o seu país, Galiza, e de ligarse a el desde un compromiso ético e estético.

Neste sentido, as repetidas figuras femininas, fantásticamente representadas na colección Alcalde Vare-

“Seoanes” da colección Alcalde Varela

CARLOS L. BERNÁRDEZ

Da Costa de Circe á da Morte

A natureza morta sérvelle a Luís Seoane para elaborar unha moi sólida estratexia de representación. O propio artista afirma que “todos eses elementos simples [as froitas, as cazolas, as verduras, as tixolas, as cerámicas...] que carecen de significado estético para a maioría, que os ven distraídos da súa posíbel beleza, veñen servindo de motivo para que o artista atope a súa distinción estilística e a súa capacidade de utilización de recursos plásticos”. Isto é ben evidente ao ollarmos as súas naturezas mortas, que como as paisaxes, son un campo de experimentación para a construción do estilo, esa “distinción estilística” á que se refería o pintor.

Novamente, como acontecía nas paisaxes, podemos achar na súa obra inicial a pegada da influencia dos grandes nomes da modernidade e da

vangarda histórica (Cézanne, Picasso, Gris, Matisse...). Asemade, a presenza de obras de distintas épocas, desde as austeras obras de comezos dos cincuenta como *Sen título* (1950) ou *Bodegón* (1952) até as obras dos

A natureza morta

setenta (*Linguado e plátanos*, 1972; *Mesa e alcachofas*, 1974), posibilita a comprensión do proceso depurativo ao que somete o seu estilo, que na natureza morta adopta unha sintética claridade formal e que propende cara a un cromatismo tamén estrito e simplificado.

Por outra banda, as naturezas mortas de Luís Seoane semellan establecer diálogos e, xa que logo, situárense, nunha liña da tradición do xénero na arte occidental moi concreta: a que

prefere a austeridade e simplicidade, a que valora e procura a beleza dos “obxectos habituais e desdeñados fóra da súa practicidade”, como el mesmo afirma; esa liña da tradición da natureza morta que ten excelsos exemplos en Sánchez Cotán, Zurbarán ou Lubin Baugin, na que conflúen, sen se excluíren, cartesianismo e ascetismo, a ordenada xeometría, a composición, a austera sobriedade e a espiritualidade.

Finalmente, toda a obra de Seoane é coherente coa súa concepción da historia. Converte o pobo anónimo no verdadeiro heroe de Galicia (*Campeñiñas esperando*, 1966; *A curandeira*, 1970) nunha liña moi próxima á seguida polo seu amigo e compañeiro de exilio Lorenzo Varela na poesía, obras ambas presididas polo rigor formal e o compromiso ético inquebrantábel.

que nos permiten un pormenorizado achegamento á evolución da súa pintura, que percorre un rigoroso camiño cara a un sintetismo que vai ser o elemento definidor dos seus logros formais.

A paisaxe é na obra de Seoane un campo de experimentación fundamental. As primeiras paisaxes delatan a influencia de Torres

García (*Paisaxe urbana de Bos Aires*, 1953; *Figuras e azoteas*, 1953) na súa composición e na vontade construtiva. Son tamén interesantísimas as realizadas a comezos en 1952, nun momento decisivo da transformación do estilo de Seoane. Nas paisaxes andinas, como *Paisaxe de Nequén* e *Paisaxe de Necochea*, percíbese o seu singular sintetismo e a forza e maxia da cor, captando nas paisaxes a esencialidade lumínica, todo froito dun proceso depurativo, que se pode observar no conxunto da súa obra desde comezos dos cincuenta, e que o vai levar a unha singular síntese dalgúns dos logros da vangarda histórica (Picasso, Matisse, Leger...). O resultado vai ser unha linguaxe propia, que fusiona as diversas influencias, que as pon en relación coa tradición galega, para atinxir unha persoal modernidade, que chega ao seu cume en obras dos anos setenta como *Mariña* (1972) ou *Preamar* (1974).

Fala Mulemba

A *mulemba que fala* vén ser a última entrega do autor de Chantada Xosé Lois García, de quen xa coñecemos contribucións como, por exemplo, o libro de poemas *A figueira lingoreteira*. *A mulemba* supón un achegamento á cultura angolana, feito a través dunha árbore africana da familia da figueira denominada *mulemba*.

O relato, acompañado das ilustracións de Suso Cubeiro e dun mapa que orienta os lectores sobre a localización espacial, e ambientado en Angola no comezo da colonización europea, vai debullando trazos idiosincrásicos africanos dende a perspectiva dunha folla de mulemba capaz de transmitir todo o seu saber a unha meniña mentres dorme.

Kilumba e a súa nai, Mamá Semba, dormen baixo as follas da tradicional árbore e a nai ficará abraida cos soños da súa filla, quen manifesta ser quen de escoitar as conversas entre as follas da árbore. As follas narrarán pequenas historias, que provocan a ledicia da meniña que as escoita, sobre o xeito de vida deste país africano, a nostalxia polas tradicións máis antigas as cales esmorecen pouco

a pouco debido ás intervencións estranxeiras, aventuras con leóns, o temor

que produce a chegada da xirafa e describirán tamén a selva e os seres que nela habitan; macacos, leóns, xirafas ou elefantes que conviven coas protagonistas e o medio en perfecta harmonía.

Constitúe, xa que logo, un texto cheo de referencias a esa compoñente máxica que caracteriza decote a cultura ancestral africana, mesturadas cunha dose de dozura e ganas de regresar a un xeito de vida impensable por nós e que periga no continente africano. É tamén outra tentativa do autor, moi vinculado aos países africanos de lingua portuguesa pois dende hai anos é membro honorífico da Unión de Escritores Angolanos, de promover a comunicación entre Galicia e países como Angola, Mozambique ou Cabo Verde.

Esta interculturalidade achega os lectores a quen vai dirixido, aínda que se cadra se trate dun texto moi denso para lectores de entre sete e nove anos, a universos descoñecidos e atractivos ao tempo que promove sentimentos de respecto polo medio e culturas diferentes.

GARCÍA, Xosé Lois, *A mulemba que fala*. Xosé Lois García (Ilustr. Suso Cubeiro) Everest Galicia, A Coruña, 2007, 42 páxinas

Bruxa Raruxa

O Premio O Barco de Vapor 2006 na súa vixésimo segunda edición recaeu este ano, e como vén sendo habitual, nunha novela de corte xuvenil titulada *Unha bruxa ben rara*. O seu autor Carlos Mosteiro (Santo André de Xeve, Pontevedra, 1955) é xa un recoñecido e consolidado escritor na nosa lingua con obras como *Cinco casos para Alex Lupanamán*, *O día que Miguel Induráin pasou por Gonderade* ou *Manual de instrucións para querer a Irene*.

No libro -que consta de catro partes, en cada unha das cales se inclúen varios capítulos- van desfilar persoaxes reais e imaxinarios que se atreven mesmo a manter un diálogo co autor da novela, provocando deste modo unha serie de reflexións acerca da historia narrada e da independencia dos seres creados.

Raruxa é o nome desa bruxa ben rara que aparece no título e a protagonista en torno á cal xiran outros personaxes importantes na historia e que lle dan sentido aos pensamentos e actos duns rapaces que xuntos emprenden a aventura de buscar e

Saber acabar ben

MARÍA NAVARRO

liberar a que foi presa das maldades doutros iguais, tornando o negativo en positivo e facen-

do bo o dito co que remata a novela "ben está o que ben acaba".

Para entender ben a historia na segunda parte a nai de Raruxa, facéndose dona do libro, dirixe "unha carta aberta" ao autor onde lle explica o pasado da súa filla para que o público coñeza a situación actual da moza e poida entender o desenvolvemento dos acontecementos posteriores. Conséguese deste modo manter a narración nun plano real a pesar da fantasía que rodea a narración dende o comezo.

Non é mais que un procedemento propio da ficción literaria, pero que se revela neste punto novidoso e mesmo introduce algúns tópicos que convén desbaratar empregando a mofa e a ironía e algún valores que sería bo destacar como o sentido da amizade e a importancia do comportamento solidario.

O remate feliz, quizais excesivamente agardado, deixará os lectores cun agradable arrecendo a paz e iso sempre resulta interesante.

MOSTEIRO, Carlos, *Unha bruxa ben rara*, Ed. SM, Madrid, 2007, 126 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Os intelectuais marxistas

Xesús Alonso Montero
Edicións Xerais. 616 páxinas

Moitos dos protagonistas deste libro militaron no discurso universal contra a inxustiza, contra o discurso capitalista e os seus contidos. Nas súas páxinas fálase dos intelectuais galegos que reflexionaron en Galicia dende o marxismo, e fálase de homes e mulleres que, antes e despois da Guerra Civil, protagonizaron accións contra as malfeituuras da sociedade desde postulados comunistas. Nomes como Lois Tobío, Montero Díaz,

Otero Espasandín, Ánxel Fole, Margot Arce, Luís Seoane, Enrique Líster, Enriqueta Otero, Julio Aneiros, Lueiro Rey, Ramón de Valenzuela, Neira Vilas, Celso Emilio Ferreiro ou Díaz Pardo son tan só unha mostra da ringleira de intelectuais comunistas que cita Montero. O autor ofrece tamén textos case descoñecidos e un documento inédito: a "acta" orixinal da Iª Asemblea de intelectuais do PCG (marzo de 1977).



Aínda

Xavier Franco Alonso
Edicións Sotelo Blanco. 174 páxinas

Un escritor viaxa a Lisboa. É Outono. Non sabe que vai facer alí, só que é o momento de ir e quizais de escribir un libro para o que, de principio, non ten historia ningunha. A propia cidade, os pequenos acontecementos, os personaxes que se cruzan no seu errante deambular, pensa, deben ditar o argumento e os detalles da historia. Ou quizais non deba escribir nada, só respirar e calar, porque, ¿un libro serve realmente para algo? ¿Pode

ser un axuste de contas con un mesmo, una maneira de alimentar a vida desgastada? Apuntamentos dos días, de dúbidas, de xestos que pouco a pouco van cobrando significado. Un caderno de viaxe que pode converterse nunha novela. Quizais só sexa o fondo doutro retrato máis difícil e case sempre condenado ao fracaso, e por forza errado: o autorretrato. *Aínda* foi finalista do Premio Lueiro Rey de Novela Curta 2006.



A lingua galega na cidade

Gabriel Rei-Doval
Edicións Xerais. 512 páxinas

Este libro aborda en profundidade a análise sociolingüística das cidades galegas no seu conxunto e céntrase nos principais indicadores de vitalidade do noso idioma nacional: coñecemento, lingua inicial, lingua habitual, usos na familia, usos escolares e usos laborais. Mais tamén afronta unha análise do cambio lingüístico, tanto intraxeracional como interxeracional, dun xeito novidoso. Ademais da visión do conxunto urbano,

presenta unha análise comparada da situación do idioma nas sete cidades galegas. O libro achega importantes aspectos de interpretación, nomeadamente no terreo das accións lingüísticas familiares, sección na que se tratan non só as principais tendencias senón tamén as causas e motivacións do cambio lingüístico. Igualmente, presenta as principais liñas da evolución histórica do noso idioma no século XX.



200

Como sinala Win Butler –coolíder dos The Arcade Fire– o novo álbum da banda canadiana soa “como cando te chantas diante do océano no medio da noite”. E razóns non lle faltan nas súas palabras a Butler; realmente *Neon Bible* invita a soñarmos, e iso debido en boa medida á (case) onnipresenza orquestral ao longo dos temas que o compoñen. Cómpre dicirmos que, logo do éxito acadado con *Funeral*, estamos diante dun dos cedés máis agardados do momento presente.

Win Butler e Régine Chassagne –matrimonio, e creadores do entorno onde xorden as raíces do grupo–, Richard Reed Parry, William Butler, Tim Kingsbury, Sarah Neufeld e Jeremy Gara configuran o numeroso conxunto de músicos que veñen constituír The Arcade Fire. A eles, desde o ano 2005, súmanse nos concertos Pietro Amato –trompa– e mais o violinista Own Poullet. Sobresae, sen dúbida, a banda de Montreal na consecución de introducir nun ambiente rock instrumentos tan dispares como violíns, violas, violonchelos, pianos, acordeóns ou xilófonos, atinxindo deste xeito sons decididamente novos que se complementan á perfección coas rítmicas letras de Butler, todo un auténtico fenómeno no apartado compositivo.

A orixinalidade dos Arcade foi recompensada moi axiña; logo de publicaren un EP homónimo –coñecido entre os seus seguidorres como “Us Kids now”– asinaron un contrato coa discográfica independente Marge Records, á cal situaron ben arriba, en cuestión de vendas, tras saír á luz o primeiro traballo de longa duración, *Funeral*. A marca acadou o Billboard 200, listado de álbums máis vendidos nos Estados Unidos. Lanzado en Europa no 2005 –un ano antes que en América– *Funeral* foi aclamado desde o principio pola crítica especializada. De certo que os Arcade

Fire son os responsables de levar a música “made in Canada” deica ao cumo do panorama actual.

Noticias de The Arcade Fire

MIGUEL PEÑA ALONSO

E sen baixaren os brazos, entrégannos agora, no 2007, este *Neon Bible*. Trátase dun labor que diverxe de *Funeral*; deixando a un lado os espazos interiores e mais a dor persoal, os Arcade falan, e critican, dos gobernos, da igrexa, dos militares e mesmo dos instintos máis baixos da sociedade. Editado no propio selo da banda, Sonovox, –a través de Merge nos Usa e no Canadá, e con distribución internacional a cargo de Universal–, o título do cedé remete á novela *A biblia de Neon*, de John Kennedy Toole, escritor norteamericano que se suicidou aos trinta e dous anos. O argumento da novela está referido á crítica satírica dunha vila dominada polo fanatismo relixioso. Sobre esa base, os Arcade Fire constrúen as once pistas das que consta o cedé.

Destacamos do álbum a grande instrumentación, composta por orgaños, bombos de metal, zanfoña, trompa militar, hurdy gurdy –instrumento de cordas típico do folk francés– e a presenza dunha orquestra húngara. Nesta liña merece especial atención o tema titulado “Ivention” onde se narra a historia anónima dun soldado condenado a ser consumido pola guerra e polo esquecemento, baixo o son dun abraiante órgano.

Biblia de Neon

Conta Butler que, para compoñer as letras, tomou como punto de partida os escuros soños da súa infancia nos cales unha forza sombría intentaba atrapalo, polo que tiña que fuxir dela correndo. Dous bos exemplos desa temática están en “Windwstill” –pop con ritmo country– e “Antichrist Television Blues”, que ecoa a Bruce Springsteen. Do resto cómpre subliñarmos aínda a inquietante e poderosa “Black Mirror” –a lembrar a explosión contida de *Funeral*–, a balada “Oceans of Noise”, baseada en guitarras, piano e unha grande orquestración e, sobre todo, “No cars Go”, nova gravación dun tema incluído no EP de 2003 e que destaca polos especiais arranxos, verdadeiramente espléndidos e cheos de forza e de alegría.

Abrindo, daquela, as portas para todo un conxunto de bandas caracterizas pola tonalidade emocional –Yeah Yeah Yeahs ou Wolf Parade– The Arcade Fire preparan un segundo disco que pensan presentar no Summercase do próximo verán. Agardamos por el desde xa.

The Good, The Bad and The Queen constitúe o título do álbum co que vén de debutar a nova banda liderada polo célebre Damon Albarn –Blur, Gorillaz. En dous meses de traxectoria, o cedé antixiu o número dous nas listas de vendas anglosaxonas.

Nun comezo, a crítica e mais o público consideraron que estabamos diante dun labor en solitario; porén, a revista *New Musical Express* revelou que se trataba dunha nova agrupación. Un conxunto formado, ademais de polo devandito Damon Albarn, polo baixista Paul Simonon –The Clash– o guitarrista Si-

mon Tonf –The Verve– e polo batería de África 70, e pioneiro do afrobeat, Tony Allen.

Os autores de *The Good...* toman base, para as letras, na vida do moderno Londres, tal é o

The Good, The Bad and The Queen

caso de “80s life”, pop exquisito que nos introduce nos fríos arrabaldes da capital inglesa. A alienación informática, as inquietudes socio-políticas aparecen tamén: o segundo single,

“Kingdom of Doom” –tema pegadizo, moi brit, a lembrar aos Blur– conforma un bo exemplo.

O obxectivo da música de *The Good...* é crear atmosferas emocionantes. Os seus

contenén unha sensacional batería.

De entre os doce temas que conforman esta entrega, escollemos “Green Fields”, balada triste, emotiva, ou esoutra que dá nome ao cedé e que vén pechalo cunha fantástica composición chea de sorpresas. Sobre a base do piano, os catro músicos amosan precisión e elegancia en fervenza.

Estamos, polo tanto, diante dunha música singular que reflexiona sobre temáticas tan diversas como a invasión de Irak ou o calentamiento global, e todo iso baixo un ambiente de envolvente psicodelia.